

DIAGNOSE COMUNITARIA



DO BARRIO DE TEIS

A Diagnose formúlase

- ◆ Como unha necesidade de autoanálise e coñecemento das condicións de vida, redes de relación e necesidades do ámbito territorial de Teis.
- ◆ Cunha perspectiva de achegamento á realidade social comprensiva xa que
- ◆ perseguiu comprender as dinámicas comunitarias e as súas potencialidades para dar resposta aos propios retos e necesidades.

Persigue o coñecemento útil

- ◆ Orientador da acción
- ◆ Que conseguira implicar aos colectivos e axentes relevantes
- ◆ Que identificara necesidades (incluídos novos tipos de necesidades sociais)
- ◆ que recoñecera e activara recursos para satisfacela

Obxectivos da Diagnose

- ◆ Coñecer a realidade dende a propia perspectiva do barrio
- ◆ Identificar e valorar os obstáculos e as potencialidades comunitarias
- ◆ Optimizar o coñecemento dos recursos presentes nela
- ◆ Dinamizar o tecido asociativo e a participación social

Un dato significativo

Avaliación dos servizos públicos

- ◆ **As UTS, o Centro Cívico, a piscina e o centro de saúde presentan puntuacións positivas, de entre un 3,99 e un 3,78. A máis baixa valoración é para a oficina de emprego, onde as persoas usuarias outorgan unha media de 2,99 nunha escala do 1 ao 5.**
- ◆ **Bos valores en xeral para os equipamentos**
- ◆ **Malos valores para a calidade do espazo urbano sobre todo no que atinxe á mobilidade, deterioro do espazo, ruído ou contaminación e nunha menor medida a problemáticas sociais de drogadicción ou delincuencia.**

Outro dato significativo

Participación social

- ◆ As cuestións da participación social vense afectadas pola configuración do espazo público. Algunhas das opinións recollidas no estudo fan mención á carencia de espazos de encontro e espazos públicos de calidade, que favorezan a participación.
- ◆ Tamén son importantes as experiencias históricas e os seus resultados.
- ◆ **O plan de urbanismo como contexto activador da reflexión**

LIÑAS PROGRAMÁTICAS

- Análise das demandas diagnósticas
- Accións acertadas (ata o momento)
- Accións posibles (cara ao futuro)
- Recursos dispoñibles
- Implicación de colectivos e axentes relevantes
- Programas comunitarios

Accións acertadas "Programa preventivo"

- ◆ **Escolar:** Programa de prevención en drogodependencias e condutas adictivas ("hábitos de vida saudable"; "non pasa nada. Pasa algo?"...)
- ◆ **Familiar:** Programa de prevención en drogodependencias e condutas adictivas ("escolas de nais e pais"; en familia todos/as contan"...
- ◆ **Comunitario:** Coordinación-información-formación (traballo en comisións); Comité Técnico; Comité interanpas...

As novas veciñas e veciños: poboación migrante

- ◆ O peso da poboación estranxeira é do **4%**: **2,7%** son persoas estranxeiras **non comunitarias** e **1,3%** comunitarias.
- ◆ Do total de persoas estranxeiras, o **53,5%** son homes fronte ao **46,5%** que son mulleres. No grupo das non comunitarias os homes representan o **57,1%** e as mulleres o **42,9%**.
- ◆ A maioría das 41 persoas das que temos datos, e que teñen nacionalidade estranxeira, é **xente nova**. De feito o **67%** **ten menos de 35 anos**, resultando máis numeroso o colectivo de entre 26 e 35 anos (**36,5%**).

As novas veciñas e veciños: poboación migrante

- ◆ **Problemáticas centrais para abordar nunha estratexia comunitaria**
 - Información xeral
 - Saúde
 - Educación
 - Infancia-muller

Acción: programa para mulleres inmigrantes

- ◆ **Visibilizar** ás mulleres inmigrantes do barrio aumentando a súa integración social.
- ◆ **Mellorar** a formación integral das mulleres inmigrantes, proporcionándolles aqueles **coñecementos necesarios** para desenvolverse no seu entorno vital.(información xeral, saúde...)
- ◆ **Cubrir a necesidade inmediata de aprender a lingua española** e aqueles aspectos da nosa cultura que favorezan a súa integración.

A xente nova no barrio de Teis

- ◆ Dificultades para a dinamización deste colectivo, Busca da implicación activa a través da linguaxe audiovisual
 - Casting cartel
 - Obradoiros video-fotográfico
 - ...
- ◆ Finalmente: cuestionarios para os adolescentes que incluíron, entre outros, cuestións relativas a súa vida diaria e a opinión que teñen sobre o seu barrio.

A xente nova do barrio de Teis

- ◆ As súas demandas enfócanse cara á escaseza de espazos públicos recreativos e de encontro.
- ◆ Os datos obtidos con referencia ao mercado de traballo apuntan á necesidade de actuacións neste senso, tendo en conta que, no caso de Teis, a taxa de actividade é do 53,42%, e que o 45,1% das persoas paradas (incluíndo as que xa traballaron e os que buscan o primeiro emprego) teñen menos de 26 anos

A xente nova no barrio de Teis

- ◆ Despois dos intentos pouco fructíferos de vincular á xente nova ao propio proceso de diagnose, despois de ter realizado varias convocatorias sen éxito... en marzo de 2009 se contacta cunha asociación e centro social que nacera no barrio: O Guindastre.
- ◆ Será a partir da boa acollida da metodoloxía de diagnose comunitaria e da coordinación asociativa en torno ao Plan Comunitario por parte da xente desta asociación, que quede aberta por fin unha liña de colaboración activa coa xente nova de Teis.

Acción: programa "A punto Teis"

- ◆ Crear un espacio comunitario que se establezca como punto de encontro entre os mozos e mozas do barrio.
- ◆ Aumentar as competencias en habilidades sociais e prelaborais dos mozos e mozas.
- ◆ Aportar e/ou actualizar os contidos básicos para que poidan acceder ao mercado de traballo de xeito normalizado.
- ◆ Proporcionar un servizo de apoio, asesoramento e acompañamento a este sector poboacional.
- ◆ Fortalecer as redes sociais como instrumento de apoio socio-laboral.
- ◆ Utilizar a comunidade como recurso na búsqueda activa de emprego.
- ◆ Promover a coordinación dos servizos e profesionais do barrio implicados no programa .
- ◆ Realizar un seguimento e titorización persoalizada dos destinatarios/as contando cos profesionais e servizos do barrio.

A poboación de etnia xitana en teis

- ◆ Existe unha diferenza fundamental entre a poboación xitana de Teis e a do resto de Vigo (Cabral, Salgueira, Beade): non se dan as condicións de chabolismo con respecto a elas. Isto débese fundamentalmente a dous feitos moi relevantes:
 - Adquisición de vivendas sociais
 - Abandono da venda de chatarra pola venda ambulante e/ou a incorporación progresiva no ámbito laboral por conta allea.
- ✂ Estes dous feitos facilitan a convivencia dentro da comunidade, se exceptuamos algúns grupos resistentes que se negaron a abandonar a venda de drogas e que están a causar conflito no seu entorno.

A poboación de etnia xitana en teis

Datos que dan conta da desventaxe social real dos xitanos

- O nivel de ocupación moi baixo
- O seu nivel de inclusión no sistema educativo é moi inferior a outros colectivos poboacionais.

A visión desde os centros de ensino apunta a que os/as alumnos/as de etnia xitana moitas veces actúan como elementos desestabilizadores, polo que se fai preciso buscar estratéxias para implicalos integrándoos no sistema educativo

Infancia-familia

- ◆ Barrio con elevada poboación infantil, sobre todo desde a incorporación continuada de nenos/as procedentes de familias de orixe estranxeira.
- ◆ Por orde de prioridade, entre os sete primeiros problemas, sinalados polas persoas entrevistadas está, en cuarto lugar:
 - os escasos servizos recreativo-educativos para os máis cativos.
- ◆ **Entre as principais demandas, entre outras:**
 - Conciliar a vida laboral e familiar:
 - Crear redes de axuda mutua, tanto para nenos/as como para anciáns.

Infancia-familia

- ◆ Falta de alternativa de ocio gratuíto e mesmo non gratuíto: escaseza de parques, zonas verdes, parques de bola e similares, etc.
- ◆ Desaproveitamento das dotacións públicas d recursos sociocomunitarios que permitan o seu uso racional e social, cun horario aberto á comunidade, sen necesidade de cuotas ou taxas adicionais.
- ◆ Crecente urbanización do barrio conduce a que os nenos se interrelacionen menos cos seus similares e mesmo veciños fóra do horario escolar, o que os leva á soidade ou a buscar alternativas de ocio pouco saudables
- ◆ Non existencia dunha ludoteca municipal no barrio de Teis, contrariamente ao que ocorre noutros barrios

Acción: Ludo-Pam Teis

- ◆ Evitar na medida do posible a inadaptación e a exclusión social dos menores, artellando unha intervención interdisciplinar que favoreza procesos normalizadores para éstos.
- ◆ Aborda- las situaciones problemáticas e de risco na infancia de forma que se leve a cabo unha intervención preventiva en canto o posible agravamento nun futuro as devanditas situaciones.
- ◆ Ofrecer un recurso adaptado as novas necesidades das familias traballadoras ou con cargas familiares.
- ◆ Promocionar e fomentar a igualdade
- ◆ Crear un espacio de lecer alternativo para os nenos/as de Teis.
- ◆ Conseguir unha efectiva integración dos nenos/as en risco de exclusión social nas actividades de lecer
- ◆ Creación ou consolidación segundo os casos dun espacio de apoio e derivación de rapaces/as en situaciones especiais detectadas por profesionais do barrio, servizos colaboradores...

Persoas maiores en Teis

- ◆ Das 1039 persoas das que se teñen datos a través da enquisa, 173 son maiores de 65 anos, o que representa o **16,65% da poboación**. Destas 173 persoas maiores de 65 anos, 69 son homes e 104 son mulleres.
- ◆ Por orde de prioridade, entre os sete primeiros problemas, sinalados polas persoas entrevistadas están:
 - En primeiro termo, a **deficiente atención ós anciáns**;
- ◆ En canto as demandas máis repetidas:
 - **Crear redes de axuda mutua, tanto para nenos/as como para anciáns.**

Persoas maiores en Teis

- ◆ **Propostas** de participación para solucionar as demandas xurdidas en relación ás persoas maiores:
 - Favorecer a participación dos anciáns na comunidade
 - Esixir a Administración Centros de día/residencias no barrio
 - Potenciar a interrelación xeneracional, e dicir aproveitar a experiencia do ancián e a alegría do neno, elaborando programas en base a este principio.

Acción:

Programa interxeracional intercultural

- ◆ Crear un contexto regular de relación entre maiores e nenos e nenas que viven no barrio, máis concretamente, cos fillos e fillas de parellas procedentes doutras culturas
- ◆ Desenvolver valores educativos transversais derivados da relación entre persoas de diferentes idades e culturas
- ◆ Propiciar sentimentos de responsabilidade, utilidade e autoestima no colectivo de maiores que son usuarios do Centro de Día
- ◆ Crear contextos motivadores para as persoas maiores usuarias do Centro que propicien actitudes activas, participativas e de desenvolvemento persoal
- ◆ Contribuir ó desenvolvemento comunitario do barrio ó que pertence xeográficamente o Centro de Día Atalaia de Teis.